



## ORZAMENTO XERAL EXERCICIO 2016

### MEMORIA

Pola Alcaldía, de conformidade co disposto no artigo 168 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, pola que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, procedeuse á formación do Orzamento Xeral do Concello para o ano 2016, por un importe de 18.503.389,06 € en ingresos e 18.503.389,06 € en gastos, polo que presenta unhas cifras sen déficit inicial de, cumprindo así o establecido no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

A diminución por tanto en ingresos coma en gastos é de 13.331,97 € en relación co último orzamento (2014) aprobado.

Para a confección dos orzamentos seguíronse dous criterios: O primeiro criterio que se seguiu para a confección deste Orzamento foi, como en anos anteriores, o de continuar na senda da austeridade, cuestionándose o gasto que viña asumindo o Concello na procura da eliminación de duplicidades ou gastos superfluos e procurando a confección dun orzamento de ingresos que se achegue a realidade da liquidación do mesmo no ano 2017. Un segundo criterio que se introduce este ano é o de recoller no orzamento a revitalización que se percibe no cadro macroeconómico, o que debe permitir aumentar a actividade a desenvolver polo Concello. Todo elo, co fin de que os orzamentos sigan sendo a ferramenta coa que conta este Concello para a realización das diferentes políticas para cumprir co fin último dunha administración pública: servir ao interese público a través da mellora da calidade de vida dos cidadáns en cada unha das súas manifestacións.

En función do exposto no parágrafo anterior, as liñas a seguir foron:

Na confección do Orzamento segue primándose as áreas de Servicios Sociais, Ensino e incrementase considerablemente Emprego.

Este Orzamento trata de responder ás necesidades das cidadás e cidadáns de Redondela.

A continuación exponse de forma resumida o seu contido, todo elo para dar cumprimento ó establecido no artigo 168 do Real Decreto Lexislativo 2/2004:

#### ESTADO DE INGRESOS:

No cálculo dos ingresos para o orzamento do ano 2016 partiuse, basicamente, dos importes reais dos dereitos recoñecidos e liquidados durante os últimos anos, así



coma dos datos dos que se dispoñen para a confección dalgunhas aplicacións ou ben a certas actuacións que se van a desenvolver ó longo do ano e que influirán neste Orzamento. Deste xeito, pódese sinalar:

- Imposto sobre bens inmobles urbanos:

Os ingresos previstos teñen coma base o padrón deste ano, tendo en conta que este ano de acordo co Tribunal Supremo os terreos urbanizables que non dispoñan de ordenación detallada e diversas infraestructuras pasarán a tributar coma rústicos e que se espera un aumento de ingresos debido ó procedemento de regularización catastral operado pola Lei 16/2012 de 27 de decembro. Para os posibles desfases que puideran existir no importe do padrón, xa se teñen en conta as posibles liquidacións por altas que se prevén dar e que non se recollen no padrón. Así mesmo, continuarase cos procedementos de inspección para dar de alta bens que non constan no padrón.

- Imposto sobre actividades económicas:

De novo, os ingresos previstos teñen coma base os padróns dos últimos anos sen ter en conta as altas.

- Impostos sobre construcións, instalacións e obras:

Mantense a cantidade que se recollía no orzamento presentado a principios de ano.

- Restantes impostos e taxas:

Con carácter xeral trátase de facer unha previsión dos diferentes conceptos acorde cos datos que se coñecen dos anos anteriores, tendo en conta ó plan de inspección que xa se implementou en anos anteriores e que permitiu aumentar a recadación tanto de anos anteriores, coma de novas altas pola actualización dos padróns.

- Participación municipal de tributos:

Ó importe que figura no orzamento chégase en función do que se está a percibir nestes momentos mais a previsión de liquidación, o ingreso do mes de decembro que se fixo en xaneiro deste ano e a finalización da devolución da liquidación do ano 2008 o que aumentará o importe a percibir en 183.601,45. Así mesmo, a cifra que se presenta é despois de estar minorada polos importes da devolución das liquidacións negativas definitivas dos anos 2009 e 2013.



- Fondo de cooperación local:

O importe que figura no Orzamento é o que se vai a percibir segundo a comunicación da Consellería de Facenda da Xunta, xunto cunha estimación de liquidación positiva.

- Subvencións:

As subvencións que constan no proxecto de Orzamentos que se presentan á súa aprobación son os que xa se ten constancia da súa concesión, os que xa están convocados ou ben aqueles que se veñen concedendo de xeito habitual nos últimos exercicios.

#### ESTADO DE GASTOS:

- Persoal:

Os créditos recollen as dotacións necesarias para o pagamento das retribucións de persoal que figuran no anexo correspondente deste Orzamento e que este ano vense incrementadas o considerar este goberno necesario contemplar as posibles substitucións por baixas en departamentos como o de servizos sociais nos que é fundamental manter o servizo cuberto, ademais de aumentar as gratificacións extraordinarias para evitar así as modificacións de crédito por estas causas. Cabe destacar tamén o aumento da partida para formación do persoal do Concello. Recóllese, cumprindo a lexislación vixente o aumento do un por cento de salarios a partir das retribucións do ano 2015. Orzáronse así mesmo as contías do persoal contratado a través de programas de subvencións que estenden os seus efectos no ano 2016.

- Funcionamento de servizos:

Contén os créditos necesarios para o funcionamento dos servizos, tal como se indicaba arriba. Aínda así, ó longo deste ano, o Concello vai a continuar coa implantación e mellora de políticas de aforro en gastos que se veñen realizando ou servizos que se veñen prestando sen perder a súa calidade. Neste eido debemos tamén contemplar o gasto en mantemento dos moitos parques que este goberno reformou e ampliando os servizos demandados polos cidadáns atopámonos coa necesidade de facer un mantemento moi coidado das dúas praias para cans que foron aprobadas en Pleno así como a necesidade clara de dotar a Redondela dun Parque para cans, xa que non tería moita lóxica ter dúas praias para cans e non ter un espazo de esparcemento concreto durante todo o ano para as mascotas .

Débase salientar a previsión para a posta en marcha do transporte interurbano,



este goberno apostou claramente polo transporte da área metropolitana e creo que agora é o momento para dar un paso máis e mellorar de forma considerable o transporte entre as parroquias que conforman o noso Concello . Por outra banda, en actuacións medioambientais vaise a recoller actividades como a mellora das sendas polos cauces dos ríos un programa de compostaxe que dará continuidade o xa feito durante o anterior mandato e que ten a intención de contribuir a concienciación e mellora do tratamento dos residuos urbanos.

- Política de fomento e promoción social:

Neste novo orzamento, ponse un especial empeño nos créditos destinados a as políticas sociais e do fomento do emprego por ser os mais necesarios no momento económico e social que estamos a vivir. Deste xeito, por exemplo, aumentáanse contías nos apartados de subvencións, axudas en emerxencia social, aumentase o importe para a axuda a domicilio e faise un aumento considerable na partida para levar acabo o programa de axuda os refuxiados, así como a creación do roupeiro solidario. Este goberno dende hai cinco anos ten como intención prioritaria a busqueda e o fomento do emprego na nosa vila, polo que se xestionou a posta en marcha de cinco plans de emprego e tres obradoiros, algo que contemplamos tamén neste orzamento polo que se contemplan estas partidas. Salientar, así mesmo, a nova política na área de xuventude co obxectivo de revitalizar o servizo, motivo polo cal se incrementa de maneira considerable o seu orzamento para darlle cabida as demandas e necesidades da xuventude redondelán.

- En canto a temas de carácter cultural e educativo:

Continúa o proceso de reorganización das súas prestacións buscando potenciar aqueles programas que teñen maior aceptación entre as veciñas e veciños do termo municipal, así coma aqueles que teñen mais repercusión fora das nosas fronteiras e que poñen en valor o Concello. É pretensión deste goberno acadar nestes próximos catro anos un espazo no sector cultural e turístico a nivel galego, que potencie economicamente o sector servizos e que paralelamente aumente a demanda de empregos neste sector, xa que Redondela ten unha rica actividade cultural que fai que sexa un referente en toda a área metropolitana ; todo elo sen esquecer tampouco o apoio ás propostas e programas mais minoritarios dos que este Concello estima pertinente o seu fomento. Un exemplo é o aumento dos convenios culturais.

Respecto a área Educativa, outra partida que se aumenta é a de mantemento dos nosos centros educativos. Dende o ano 2010, mais de 21.000 €.

- Deportes:

Neste ano, volven a consignarse subvencións nominativas en deportes para un mellor acomodo dos importantes eventos que realizan algúns dos nosos clubs, Por outra banda, recóllese un aumento da cantidade para o programa de subvencións deportivas, non debemos esquecer o feito de que se potenciamos o deporte base, eses nenos que destacan dentro dese deporte teñen que ter oportunidade de formar



parte da élite competitiva do noso Concello e para elo debemos potenciar o que os nosos clubs estén dentro das mellores ligas, tratando tamen de dar un pulo a novos clubs. Deste xeito, dáse cumprimento aos principios de igualdade, concorrencia e publicidade nas axudas públicas.

- Política de investimentos:

Aquí posiblemente é onde se dea un dos cambios mais importantes deste novo orzamento.

Por un lado, recóllese a eliminación de distintas barreiras arquitectónicas dentro dos edificios municipais como na Piscina Municipal de Redondela e Chapela que se dotarán con dúas sillas automatizadas para inmersión, e o elevador para o parking municipal, algo prioritario para este goberno e que axudará a mellorar a calidade de vida das persoas con mobilidade reducida.

Recóllese a urbanización da finca da Jinaria en Cidadelle que o Concello obtivo como pago da expropiación, e que fará visible o aumento en 35.000m<sup>2</sup> de espazo público para os veciños e veciñas de chapela .

O goberno na elaboración dos orzamentos tivo moi presente as demandas dos veciñ@s, como poden ser as actuacións a realizar como a recuperación do cemiterio vello, a mellora do entorno do xulgado ou a mellora dos edificios municipais.

Nestes orzamentos vanse a levar acabo obras de saneamento e melloras de viais, xa que o feito de aumentar a rede de saneamento, minorara a contaminación os nosos ríos e a nosa Enseada.

Continúa recolléndose unha cantidade para atender os orzamentos participativos, que supera a porcentaxe mínima acordada do 1% de acordo coas condicións das bases de execución do orzamento. Neste apartado cabe suliñar a necesidade de chegar a un entendemento entre todas as forzas políticas xa que todos os Consellos parroquiais xa teñen asumido a participación e o que queren facer na súa parroquia e agora só temos que matizar de que xeito será máis convinte esa participación

- Política de endebedamento:

Este ano abrese a posibilidade de levar a cabo unha operación de crédito si fose necesario para a realización da urbanización da finca da Jinaria en Cidadelle. O importe que aparece nesta partida é o importe máximo que se solicitaría en caso de ser preciso e en función do importe de fondos propios do Concello nese momento. Para o importe efectivo se terá en conta a valoración do custo desta urbanización feita polos técnicos .

En virtude de todo o exposto, as cifras do Orzamento do Concello de Redondela son as seguintes:

## ORZAMENTO DE GASTOS – CLASIFICACIÓN POR PROGRAMAS

---

**Concello de Redondela**

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



Área de Gastos	Descrición	Importe ano 2014	Importe ano 2016
1	Servicios públicos básicos	7.512.411,96 €	8.835.829,26 €
2	Actuacións de protección e promoción social	1.942.516,32 €	1.720.535,61 €
3	Producción de bens públicos de carácter preferente	4.861.220,10 €	3.467.427,34 €
4	Actuacións de carácter económico	227.592,94 €	491.802,10 €
9	Actuacións de carácter xeral	2.629.965,35 €	2.813.572,04 €
0	Débeda Pública	1.343.014,35 €	1.174.222,71 €
<b>TOTAL ORZAMENTO</b>		<b>18.516.721,03 €</b>	<b>18.503.389,06 €</b>

## ORZAMENTO DE GASTOS – CLASIFICACIÓN ECONÓMICA

Capítulo	Descrición	Importe ano 2014	Importe ano 2016
1	Gastos de persoal	6.046.907,88 €	6.244.463,20 €
2	Gastos correntes en bens e servicios	7.011.237,19 €	7.529.984,65 €
3	Gastos financeiros	304.815,91 €	157.018,57 €
4	Transferencias correntes	991.849,73 €	1.276.684,88 €
6	Investimentos reais	3.044.990,42 €	2.149.312,16 €
7	Transferencias de capital	400,00 €	400,00 €
8	Activos financeiros	36.000,00 €	36.000,00 €
9	Pasivos financeiros	1.080.519,90 €	1.109.525,60 €

### Concello de Redondela



	<b>TOTAL ORZAMENTO</b>	<b>18.516.721,03 €</b>	<b>18.503.389,06 €</b>

## ORZAMENTO DE INGRESOS – CLASIFICACIÓN ECONÓMICA

<b>Capítulo</b>	<b>Descripción</b>	<b>Importe ano 2014</b>	<b>Importe ano 2016</b>
1	Impostos directos	6.913.077,09 €	7.171.923,58 €
2	Impostos indirectos	190.000,00 €	250.000,00 €
3	Taxas, precios públicos e outros ingresos	2.300.430,62 €	2.391.995,00 €
4	Transferencias correntes	7.155.602,45 €	7.774.861,49 €
5	Ingresos patrimoniais	43.743,99 €	38.608,99 €
6	Alleamento de investimentos reais	0,00 €	0,00 €
7	Transferencias de capital	1.847.866,88 €	160.000,00 €
8	Activos financeiros	36.000,00 €	36.000,00 €
9	Pasivos financeiros	30.000,00 €	680.000,00 €
	<b>TOTAL ORZAMENTO</b>	<b>18.516.721,03€</b>	<b>18.503.389,06 €</b>

ESTADOS DE PREVISIÓN DE RADIO REDONDELA:

---

**Concello de Redondela**

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



Constan os estados de previsión de gastos e ingresos de Radio Redondela manténdose as mesmas contías globais do ano 2014 para recoller e realidade financeira da sociedade mercantil.

Por último, constan as bases de execución do orzamento, e nas que existen pequenas adaptacións respecto ás que se presentaron co orzamento do ano 2015, para que sigan cumprindo coa súa finalidade: a adaptación das disposicións xerais en materia orzamentaria á organización e circunstancias do Concello de Redondela.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE